

RESOLUCION POLA QUE SE DETERMINAN OS CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, NO CORPO SUPERIOR DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO A1, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 16 DE NOVIEMBRO DE 2023, EN DESENVOLVEMENTO DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN PREVISTOS NA CONVOCATORIA

En sesión que tivo lugar o 21 de abril de 2025, o tribunal nomeado por Resolucion do 7 de novembro de 2024 (DOG num 220, do 14 de novembro) para cualificar o proceso selectivo, para o ingreso pola quenda de promoción interna, no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, convocado por Resolucion de 16 de novembro de 2023 (DOG num 222 do 22 de novembro), acordou de conformidade co disposto na base II.1.2.10. da convocatoria, publicar os seguintes parámetros para a cualificación do segundo exercicio do proceso selectivo, en desenvolvemento dos criterios de valoración previstos na convocatoria.

CUESTIÓNS XERAIS ESTABLECIDAS NAS BASES DA CONVOCATORIA

De conformidade co disposto na base II.1.1.2 da convocatoria as persoas aspirantes deberán desenvolver por escrito un (1) tema, que se elixirá entre tres (3), obtidos mediante sorteo polo tribunal de entre os que forman o contido do programa que figura como anexo II da Resolución do 16 de novembro de 2023.

O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar esta puntuación mínima.

O tribunal cualificará o exercicio valorando os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita.

DETERMINACIÓN DE SUPERACIÓN DA PROBA E NÚMERO DE APROBADOS

En cumprimento da potestade de determinación do criterio de superación do exercicio indicado, o Tribunal acordou:

1º O tema terá unha valoración máxima de 30 puntos. Para superar o exercicio será necesario obter un mínimo de 15 puntos.

2º Para a valoración dos exercicios, de acordo co artigo 60 das Instrucións de funcionamento dos tribunais, a cualificación de cada aspirante determinarase, logo do intercambio de opinións e valoracións por parte dos integrantes do tribunal, calculando a nota que corresponda a cada exercicio en función das cualificacións outorgadas por cada un dos membros daquel, excluindo as notas máis alta e máis baixa, sendo a nota final do/a aspirante a media aritmética das notas válidas non excluídas.

3º Para cada tema valoraranse os coñecementos, a claridade, a orde de idea e a calidade da expresión escrita, consonte o establecido na base II.1.1.2.

Con relación aos coñecementos valorarase que o material e fontes de información dos contidos dos temas estean actualizados de conformidade coa base II.1 da convocatoria e que a súa exposición se faga cunha redacción clara, ordenada e rigorosa. Valorarase así mesmo, que o conxunto do exercicio estea equilibrado, completo e compensado no seu contido.

4º O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos. Superarán o segundo exercicio as persoas aspirantes que obtiveran o mínimo establecido no parágrafo primeiro.

Asignarase a valoración de 15 puntos no exercicio ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte.

O resto das persoas declaradas aptas terá unha cualificación distribuída entre os 15 e os 30 puntos, proporcional á puntuación acadada. Do mesmo xeito asignarase a puntuación proporcional que corresponda ás persoas aspirantes declaradas non aptas.

Santiago de Compostela 21 de abril de 2025

Alfonso Garcia Magariños

Presidente Tribunal

Firmado por ALFONSO GARCIA MAGARIÑOS –
***6782** el día 21/04/2025 con un
certificado emitido por AC CAMERFIRMA FOR
NATURAL PERSONS – 2016